# PE-01
# Planificación Estratéxica
# Escola Universitaria Traballo Social

### Historial de revisións

| Número | Data | Modificacións |
|---|---|---|
| 01 | | Versión inicial |

### Control de elaboración e aprobación

| Versión | Unidade/Órganos | Data |
|---|---|---|
| V.1 Proposta inicial | Comisión de Calidade do Centro | 16/12/2024 |
| | Informe técnico conforme da SCVTI | 24/12/2024 |
| V.2 Proposta XC (revisada) | Xunta de Centro | 15/01/2025 |
| V.3 Final | Comisión de Calidade e Planificación delgada do Consello de Goberno | 28/02/2025 |

# INDICE


| | Páx |
|---|---|
| 1.- Introdución ao plan estratéxico do centro | 4 |
| 2.- Breve historia do centro | 4 |
| 2.1.- Orixe do centro | 4 |
| 2.1.1. – Nacemento da Escola | 4 |
| 2.1.2. – A transformación en Escola Universitaria – Adscrición á USC | 5 |
| 2.1.3 – Grao en Traballo Social | 6 |
| 2.2.- Catálogo actual de titulacións | 6 |
| 2.3.- Sistema de garantía de calidade | 7 |
| 3.- Misión, visión e valores do centro | 7 |
| 4.- Liñas estratéxicas | 9 |
| 4.1.- Introdución as liñas estratéxicas | 9 |
| 4.2.- Liña estratéxica 1 | 10 |
| 4.2.1.- Xustificación da liña estratéxica 1 | 10 |
| 4.3.- Liña estratéxica 2 | 10 |
| 4.3.1.- Xustificación da liña estratéxica 2 | 10 |
| 4.4.- Liña estratéxica 3 | 11 |
| 4.4.1.- Xustificación da liña estratéxica 3 | 11 |
| 4.5.- Liña estratéxica 4 | 11 |
| 4.5.1.- Xustificación da liña estratéxica 4 | 11 |
| 4.6.- Liña estratéxica 5 | 11 |
| 4.6.1.- Xustificación da liña estratéxica 5 | 11 |
| 5.- Diagnose estratéxica | 11 |
| 5.1.- Introdución á diagnose estratéxica | 11 |
| 5.2.- Liña estratéxica 1 | 14 |
| 5.2.1.- Análise DAFO | 14 |
| 5.2.2.- Análise CAME | 14 |
| 5.3.- Liña estratéxica 2 | 15 |
| 5.3.1.- Análise DAFO | 15 |
| 5.3.2.- Análise CAME | 16 |
| 5.4.- Liña estratéxica 3 | 16 |
| 5.4.1.- Análise DAFO | 16 |
| 5.4.2.- Análise CAME | 17 |
| 5.5.- Liña estratéxica 4 | 17 |
| 5.5.1.- Análise DAFO | 17 |
| 5.5.2.- Análise CAME | 17 |
| 5.6.- Liña estratéxica 5 | 18 |
| 5.6.1.- Análise DAFO | 18 |
| 5.6.2.- Análise CAME | 18 |
| 6.- Obxectivos estratéxicos | 19 |
| 6.1.- Introdución aos obxectivos estratéxicos | 19 |
| 6.2.- Liña estratéxica 1 | 21 |
| 6.2.1.- Obxectivo estratéxico 1.1 | 21 |
| 6.2.2.- Obxectivo estratéxico 1.2 | 21 |
| 6.2.3.- Obxectivo estratéxico 1.3 | 22 |
| 6.3.- Liña estratéxica 2 | 23 |
| 6.3.1.- Obxectivo estratéxico 2.1 | 23 |
| 6.3.2.- Obxectivo estratéxico 2.2 | 24 |
| 6.3.3.- Obxectivo estratéxico 2.3 | 25 |
| 6.4.- Liña estratéxica 3 | 26 |
| 6.4.1.- Obxectivo estratéxico 3.1 | 26 |
| 6.4.2.- Obxectivo estratéxico 3.2 | 26 |

| | |
|---|---|
| 6.5.- Liña estratéxica 4 | 27 |
| 6.5.1.- Obxectivo estratéxico 4.1 | 27 |
| 6.5.2.- Obxectivo estratéxico 4.2 | 28 |
| 6.6.- Liña estratéxica 5 | 29 |
| 6.6.1.- Obxectivo estratéxico 5.1 | 29 |
| 6.6.2.- Obxectivo estratéxico 5.2 | 29 |
| 7.- Desenvolvemento do plan estratéxico do centro | 30 |
| 7.1.- Comisión responsable da elaboración do plan estratéxico do centro | 30 |
| 7.2.- Participación dos grupos de interese na elaboración do plan estratéxico do centro | 30 |

## GLOSARIO

Relación de acrónimos usados neste documento:

**AC:** Acción
**BIC:** Ben de Interese Cultural
**CCC:** Comisión de Calidade de Centro
**CCPdCG:** Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno
**CT:** Comisión de Título de Grao en Traballo Social
**EUTS:** Escola Universitaria de Traballo Social
**FSACS:** *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*
**LE:** Lina Estratéxica do Plan Estratéxico da USC
**LEC:** Liña Estratéxica do Plan Estratéxico do Centro
**MCC:** Memoria de Calidade de Centro
**MMPC:** Manual Marco de Procesos de Centro
**MVV:** Misión, Visión e Valores
**OE:** Obxectivo Estratéxico
**PE:** Plan Estratéxico da USC
**PEC:** Plan Estratéxico de Centro
**RCC:** Responsable de Calidade de Centro
**SGIC:** Sistema de Garantía Interna de Calidade
**SUG** Sistema Universitario de Galicia
**USC:** Universidade de Santiago de Compostela
**XC:** Xunta de Centro

# 1.- INTRODUCIÓN AO PLAN ESTRATÉXICO DO CENTRO

O Plan Estratéxico 2024-2026 (PEC 24-26) da Escola de Traballo Social formúlase acorde ás indicacións do proceso de Planificación Estratéxica do Manual Marco de Procesos do Centro (MMPC), do Sistema de Garantía de Calidade da USC e do Centro (SGIC) e en consonancia co establecido no Plan Estratéxico 2024-2026 pola Universidade de Santiago de Compostela. O carácter adscrito do centro implica peculiaridades que teñen o seu reflexo no documento, que parte dos resultados obtidos da análise do anterior Plan Estratéxico de Centro que abarcou o período 2018-2020.

A experiencia e a reflexión derivada do plan anterior permite unha configuración máis axeitada dos procesos, sen ben os prazos nos que se interpelou ao centro para a formulación do documento impediron o desenvolvemento de sinerxias de participación de grupos de interese externos, que requiren prazos máis dilatados no tempo.

A Comisión de Calidade do Centro asumiu a formulación da proposta do PEC 24-26. Tras consulta aos grupos de interese internos, as liñas estratéxicas concrétanse nas cinco propostas seguintes:

1. O estudantado e a comunidade do centro
2. A formación, a docencia e a investigación no novo contexto
3. Os retos da política de persoal
4. A procura de infraestruturas e servizos ecoeficientes
5. Información pública e visibilidade, actualización das ferramentas dixitais do centro.

# 2.- BREVE HISTORIA DO CENTRO

## 2.1.- Orixe do Centro

### 2.1.1. - Nacemento da Escola

As orixes da Escola de Traballo Social marcan un fito importante na historia do Desenvolvemento Social de Galicia, coa implantación dunha formación orientada á acción social. O coñecemento destas orixes serve para comprender mellor o presente dunha institución que conta no seu haber con 67 anos de existencia e que ten formado a máis de catro millares de Traballadores/as Sociais, que despregan a súa labor profesional xa non só

a nivel autonómico ou nacional, senón tamén internacional.

Nun acto xurídico de dereito eclesiástico, apróbanse os Estatutos da *Escuela de Enseñanza Social de Galicia*, como centro de ensinanza da Igrexa. Despois da realización duns cursos preparatorios celebrados en A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela, o 20 de outubro de 1958, abre por primeira vez as súas portas a 25 alumnas na calle Xeneral Pardiñas, 23. O Centro chamouse *Escuela de Asistentes Sociales* e a carreira que cursaban nos tres anos de formación teórico-práctica denominábase internacionalmente "Servizo Social". En 1960 as alumnas presentan por primeira vez as súas tesiñas ao final de 3º curso, dirixidas por profesionais de Servizo Social. **A primeira promoción de Asistentes Sociais en Galicia gradúase en 1961**.

No ano **1966** prodúcese o **recoñecemento oficial** polo *Ministerio de Educación y Ciencia* dos estudos de Asistente Social e conseguintemente, as Escolas. Ínicianse os exames de reválida ante un tribunal nomeado polo *Ministerio de Educación y Ciencia* e que, posteriormente á superación das probas, outorga o Título Oficial de Grao Medio.

<u>2.1.2.- A transformación en Escola Universitaria – Adscrición á USC</u>

No ano **1983**, o Centro **adquire a entidade de Escola Universitaria**. O 9 de marzo dese mesmo ano constitúese o Padroado Universitario, e no mes de abril publícase no BOE o Plano de Estudos oficial das Escolas Universitarias de Traballo Social. O 26 de outubro de 1983, o Consello de Ministros aproba o decreto de transformación a universitaria da Escola de Santiago e o 2 de decembro publícase no BOE o decreto de transformación adscribíndose á Universidade de Santiago de Compostela, **sendo unha das 4 primeiras Escolas en realizar esta transformación** (Barcelona, Comillas, León e Santiago de Compostela). O nome da nova titulación é **Diplomatura en Traballo Social**.

Tras ocupar diversas sedes, e debido ao incremento da demanda destes estudios, o 1 de decembro de **1988** a Escola establece a súa sede no edificio de San Martiño Pinario, onde continúa situada. Ata o ano 1994 era a única Escola Universitaria de Traballo Social en Galicia.

En **1999** créase a ***Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*** e é esta Fundación a encargada de rexer o futuro da Escola Universitaria de Traballo Social, ostentando a personalidade xurídica e titularidade do Centro, e desaparecendo o Padroado "Escuela de Enseñanza Social de Galicia". A Fundación é **declarada de interese galego e de interese**

**docente** pola Xunta de Galicia (Orde de 15 de decembro de 1998 – DOGA nº 1 de 4 de xaneiro de 1999, e Orde de 22 de abril de 1998 – DOGA nº 89 de 12 de maio de 1998 respectivamente).

2.1.3 – Grao en Traballo Social

Seguindo as directrices establecidas polo Espazo Europeo de Educación Superior, no curso **2010-2011** implántase a nova titulación **Grao en Traballo Social** neste Centro que incrementa un curso máis a formación pasando dos 3 cursos na Diplomatura aos 4 cursos do Grao (BOE nº 53 de 3 de marzo de 2011). A implantación da nova titulación supón a **culminación das aspiracións académicas e profesionais** de incrementar a formación para igualar o nivel académico con outras disciplinas da área e/ou ámbito profesional. Para facilitar ao estudantado a adaptación á nova titulación, impártese un curso de transición desde a diplomatura que permita ao estudantado que en 2009-2010 cursó 2º da Diplomatura, realizar este curso de transición ao grao para que no curso 2011-2012 poida acceder a 4º curso de grao e así obter o novo título sen perder ningún ano de estudio. Non todo o estudantado optou por cambiar á nova titulación polo que durante dous cursos académicos consecutivos conviviron no centro ambas titulacións.

## 2.2.- Catálogo actual de titulacións

A Escola Universitaria de Traballo Social imparte, desde o curso 2010-2011 o **Grao en Traballo Social (240 ECTS).** Desde o curso 2012-2013 ofértase o Curso de Adaptación ao Grao desde a Diplomatura en Traballo Social, dirixido a Diplomados/as en Traballo Social

No ano 2024 preséntase a declaración de intencións para poñer en marcha o ***Máster Universitario en Trabajo Social en el ámbito sanitario por la Universidad de Castilla La Mancha, la Universidad Complutense de Madrid, la Universidad de La Rioja, la Universidad Pública de Navarra, la Universidad de Santiago de Compostela, la Universidade de Vigo y la Universidad de Zaragoza (60 ECTS)*** como máster oficial da USC e que se implantará no curso 2026-2027.

### 2.3.- Sistema de Garantía de Calidade

A EUTS foi avaliada obtendo informe positivo, conforme as directrices establecidas na documentación vixente do Programa FIDES-AUDIT para o deseño e desenvolvemento do Sistemas de Garantía Interna de Calidade da formación universitaria por parte da ACSUG (Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia) con certificado nº 15/11 con data de emisión 15 de decembro de 2011.

No curso 2021-2022 tivo lugar a segunda avaliación para a acreditación do Grao en Traballo Social da EUTS recibindo informe favorable da ACSUG con data 21 de novembro de 2021 e Resolución do *Consejo de Universidades*, pola que se renova a acreditación do título universitario oficial de Graduado ou Graduada en Traballo Social pola Universidade de Santiago de Compostela, con data 18 de xaneiro de 2023.

Seguindo o procedemento establecido no SGIC en relación á planificación estratéxica, unha vez avaliado e aprobado o PEC 2018-2020 do centro e consonte ao establecido no Plan Estratéxico 2024-2026 da USC, é necesario iniciar o proceso de elaboración do novo PEC 2024-2026 a través dos procesos PE-01 Planificación Estratéxica e PE-02- Revisión e Mellora do MMPC.

## 3.- MISIÓN, VISIÓN E VALORES DO CENTRO

### MISIÓN

O propósito da Escola Universitaria de Traballo Social, como centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela, é desenvolver unha formación integral e de calidade no ámbito da disciplina do Traballo Social. O principal obxectivo é contribuír á formación de futuros/as profesionais do Traballo Social desde o compromiso cos dereitos humanos, a xustiza social e o respecto á diversidade, desde unha relación directa coas demandas e retos do sistema galego de benestar.

## VISIÓN

A Escola Universitaria de Traballo Social enfoca a súa visión cara a unha formación que contribúa á consolidación da profesión do traballo social como referente fundamental no marco da acción social. O Traballo Social é unha profesión que parte dunha sólida formación teórica e un marcado carácter práctico. A visión busca a combinación de ambas dimensións para alcanzar un perfil de titulado/a cun conxunto de competencias técnicas e persoais que o/a capaciten para desenvolver as súas función nos diferentes campos de intervención e investigación propios da profesión. Para a súa consecución, propóñense como eixos:

- Ofrecer unha formación interdisciplinar, adaptada ás necesidades da sociedade e ó mercado laboral, que permita a adquisición de competencias profesionais, investigadoras e académicas.
- Procurar a constitución dun corpo docente de calidade, coñecedor das metodoloxías docentes e investigadoras innovadoras e preocupado polos estándares de calidade e dun persoal de administración e servizos partícipe dos intereses do centro e preocupado pola excelencia no desempeño do seu traballo.
- Impulsar a formación continua do estudantado, persoas graduadas e profesionais.
- Constituír un espazo de encontro cos/as profesionais para compartir experiencias co estudantado e profesorado para unha retroalimentación construtiva entre o ámbito académico e o ámbito profesional.

## VALORES

Como centro especialmente sensible e responsable co compromiso social, os valores universais de xustiza social, dereitos humanos e respecto á diversidade, son fundamentais. Os valores definidos pola EUTS están vinculados:

- Coa integridade como principio reitor no proceso de aprendizaxe.
- Coa responsabilidade social, compromiso de servizo á sociedade.
- Coa transparencia e actitude aberta na transmisión de información e coñecementos.

- Coa contribución á diminución das desigualdades e da inxustiza social.
- Coa atención á diversidade.
- Co fomento de medidas ecoeficientes.
- Coa procura da excelencia científica e o rigor académico.
- Co compromiso coa mellora continua mediante a profesionalidade e implicación do persoal.
- Coa promoción da coordinación, colaboración, diálogo e traballo en equipo que propicie un clima laboral satisfactorio.
- Cunha actitude innovadora e de servizo aos grupos de interese do Centro.
- Co respecto á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, á diversidade e ás persoas en situación de vulnerabilidade.

# 4.- LIÑAS ESTRATÉXICAS

## 4.1.- Introdución as liñas estratéxicas

Unha vez aprobado o Plan Estratéxico (PE) da USC e seguindo o establecido na Guía para a elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024-2026 remitida desde a área de calidade da USC, é preciso establecer as liñas estratéxicas a desenvolver no PEC da EUTS, que se concretan en 5 propostas que van en consonancia coas establecidas no PE da USC e cuxa correlación se mostra na táboa seguinte:

| LIÑAS ESTRATÉXICAS USC - LE | LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO - LEC |
|---|---|
| LE1 – O estudantado e a comunidade universitaria | LEC 1.- O estudantado e a comunidade do Centro |
| LE2 – A formación e a docencia no novo contexto | LEC 2.- A formación, a docencia e a investigación, no novo contexto |

| | |
|---|---|
| LE3 – Os retos na política de persoal | LEC 3.- Os retos na política de persoal |
| LE4 – A investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar | LEC 2- A formación, a docencia e a investigación, no novo contexto |
| LE5 – A senda da internacionalización | - |
| LE6 – A procura de infraestruturas ecoeficientes | LEC 4.- A procura de infraestruturas e servizos ecoeficientes |
| LE7 – A USC na era da transformación dixital | LEC 5.- Reforzar os aspectos relacionados coa información pública e a visibilidade e actualizar e potenciar o uso das ferramentas dixitais do Centro |
| LE8 – A xestión eficiente dos recursos | LEC4 - A procura de infraestruturas e servizos ecoeficientes |

## 4.2.- Liña estratéxica 1
## O estudantado e a comunidade do Centro

### 4.2.1.- Xustificación da liña estratéxica 1:

A participación dos grupos de interese na dinámica académica é un aspecto fundamental para o desenvolvemento dun proxecto común para a formación dos/as futuros/as traballadores/as sociais.

## 4.3.- Liña estratéxica 2
## A formación, a docencia e a investigación no novo contexto

### 4.3.1.- Xustificación da liña estratéxica 2:

O interese pola mellora da formación, a docencia e a investigación, é inherente á procura dunha formación académica de calidade. Esta liña estratéxica reflicte o compromiso que a entidade ten asumida en canto a dar resposta ás demandas da titulación de Traballo Social enmarcadas no contexto actual.

### 4.4.- Liña estratéxica 3
### Os retos na política de persoal

4.4.1.- Xustificación da liña estratéxica 3:

A remuda xeracional é un dos desafíos importantes para a EUTS a curto prazo, así como dar cumprimento ás obrigas vinculadas ao Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, respecto á ratio estudantado/profesorado a tempo completo.

### 4.5.- Liña estratéxica 4
### A procura de infraestruturas e servizos ecoeficientes

4.5.1.- Xustificación da liña estratéxica 4:

O centro asume como valor o fomento de medidas ecoeficientes. No período previsto preténdese adoptar medidas que contribúan á redución do consumo de material funxible e do consumo de auga e enerxético.

### 4.6.- Liña estratéxica 5
### Información pública e visibilidade, actualización das ferramentas dixitais do centro

4.6.1.- Xustificación da liña estratéxica 5:

A información pública sobre a entidade contribúe a visibilizar o título que imparte, o Grao en Traballo Social. Potenciar a visibilidade do título a través, fundamentalmente, do uso de ferramentas dixitais, contribúe a incrementar o coñecemento da sociedade desta actividade profesional.

## 5.- DIAGNOSE ESTRATÉXICA

### 5.1.- Introdución á diagnose estratéxica:

A diagnose estratéxica faise a partires dos resultados do PEC anterior e a valoración que se fixo a través dos autoinformes de seguimento e memorias de calidade dos cursos académicos

anteriores. Esta análise permitiu unha visión global dos aspectos positivos e negativos reflectidos nun DAFO que engloba a situación do centro no contexto actual. Este foi o punto de partida para establecer o DAFO de cada liña estratéxica e posteriormente facer prospectiva da situación futura, con orientación das estratexias a seguir, mediante o análise CAME de cada liña proposta.

## DAFO

| | **ASPECTOS POSITIVOS** | **ASPECTOS NEGATIVOS** |
|---|---|---|
| | **FORTALEZAS** | **DEBILIDADES** |
| Condicións internas orientación ao presente | **F1**-Taxas de resultados de satisfacción coa docencia recibida consistentemente satisfactoria, por encima da media da Universidade e da Área.<br>**F2**-Implicación do estudantado titor na motivación para a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida<br>**F3**-Atención personalizada e orientación ao estudantado do Centro<br>**F4**- Publicación, por curso académico, de Guías e Manuais específicos de apoio (Guía académica e Guía para a presentación de traballos académicos)<br>**F5**-Elevado volume de convenios propios do Centro con Entidades e Institucións para a realización de prácticas externas, e diversidade da oferta en ámbitos públicos, de iniciativa social e privados<br>**F6**-Implicación e esforzo para responder ás preferencias do estudantado para a realización das prácticas.<br>**F7**- Seguimento exhaustivo do desenvolvemento do practicum do estudantado a través de supervisións titorizadas e visitas aos centros de prácticas, por parte das titoras académicas<br>**F8**-Protocolo de seguimento do traballo para o profesorado titor académico de TFG<br>**F9**-Web propia do Centro actualizada e con información relevante para o estudantado<br>**F10**-Convenios coa Xunta de Galicia para o uso, con fins docentes, das aplicacións informáticas implantadas no Sistema Galego de Servizos Sociais<br>**F11**-Actividades formativas dirixidas ao colectivo de traballadores/as sociais titores/as externos/as do Practicum<br>**F12**-Seguimento da inserción laboral dos/as egresados/as do Centro a través de sondaxes propias<br>**F13**-Bolsas de apoio ao estudo propias do Centro<br>**F14**-Campaña de difusión propia coa asistencia a feiras , eventos etc como complemento as realizadas pola USC con contacto directo cos centros de ensino medio e a través de visitas concertadas á EUTS | **D1**-Baixo coñecemento da profesión do Traballo Social<br>**D2**-Inexistencia dun perfil nunha rede social administrado polo centro<br>**D3**-Equipamentos informáticos antigos<br>**D4**-Baixa participación do estudantado a través das canles establecidas no SGIC<br>**D5**-Estudantado pouco motivado á docencia presencial<br>**D6**-Baixo uso dos fondos e recursos bibliotecarios<br>**D7**-Necesidade de aumentar o perfil investigador do profesorado con dedicación exclusiva, en canto a participación en grupos de investigación e publicacións en revistas e editoriais de impacto<br>**D8**-Sen oferta de titulacións de posgrao especificamente dirixidas á titulación<br>**D9**-Baixo coñecemento do desenvolvemento do SGIC entre os distintos grupos de interese<br>**D10**-Pouca proxección á sociedade das actividades realizadas, e do propio centro<br>**D11**-Non acadar a ratio esixida de estudantado por profesor/a a tempo completo<br>**D12**-Elevada cantidade de documentación administrativa en soporte papel<br>**D13**- O 40% do persoal xubílase a curto prazo<br>**D14**-Limitacións para a accesibilidade, derivadas do carácter dun edificio histórico declarado  Ben de Interese Cultural (BIC) |

| | | |
|---|---|---|
| | **F15**-O 85% do profesorado ten dedicación a tempo completo, e o 75% o título de doutor/a<br>**F16**-Continuación do proceso de adaptación de medidas ecoeficientes no centro | |

| | **ASPECTOS POSITIVOS** | **ASPECTOS NEGATIVOS** |
|---|---|---|
| | **OPORTUNIDADES** | **AMEAZAS** |
| Condicións externas orientación ao futuro | **OP1**-Profesión de referencia no Sistema Público de Servizos Sociais, recoñecida na normativa estatal e autonómica.<br>**OP2**-Aumento de persoas tituladas en Traballo Social doutoradas<br>**OP3**-Participación do Centro na posta en marcha dun posgrao interuniversitario dirixido aos graduados/as en traballo social<br>**OP4**-Axudas dirixidas ao estudantado do centro por unha entidade externa, do terceiro sector de acción social<br>**OP5**-Posibilidade de participación do PDI en programas de estancias en universidades estranxeiras<br>**OP6**-Demanda, por parte de entidades, de establecemento de convenios de prácticas<br>**OP7**-Coordinación e colaboración co Colexio Profesional<br>**OP8**-Xurdimento de novos xacementos de emprego de interese na titulación<br>**OP9**-Taxa de inserción laboral de egresados/as satisfactoria<br>**OP10**-Alta empregabilidade acorde á titulación<br>**OP11**-Alta demanda de formación posgrao dos/as egresados/as<br>**OP12**-Boa imaxe consolidada, que posibilita unha relación fluída no marco das relacións institucionais<br>**OP13**- Plan reitor para o edificio (declarado BIC) | **A1**-Diminución do estudantado por razóns demográficas<br>**A2**-A exclusión do estudantado dos centros adscritos do decreto 164/2024, do 24 de xuño que inclúe a bonificación pola prestación de servizos académicos e administrativos nos estudos universitarios da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional<br>**A3**-Competitividade da Formación Profesional na área de coñecemento<br>**A4**-Baixo coñecemento da profesión nos equipos de orientación dos centros de ensino medio<br>**A5**-Ocasional presenza nos medios de comunicación con estereotipos negativos da profesión<br>**A6**-O nivel esixido de coñecemento de idioma de destino, como freo para incrementar o número de estudantado participante no programa ERASMUS<br>**A7**-Incremento da formación universitaria en liña desta titulación<br>**A8**-Competitividade de titulacións afíns, da área de coñecemento<br>**A9**-Incremento das xestións burocráticas externas ao centro.<br>**A10**-Dificultade para a participación en cursos da USC dirixidos a PDI e PAS<br>**A11**-Subida das tarifas eléctricas e outras subministracións |

## 5.2.- Liña estratéxica 1
## O estudantado e a comunidade do centro

### 5.2.1.- Análise **DAFO** da liña estratéxica 1:

| | ASPECTOS POSITIVOS | ASPECTOS NEGATIVOS |
|---|---|---|
| | **FORTALEZAS** | **DEBILIDADES** |
| Condicións internas orientación ao presente | F1-Taxas de resultados de satisfacción coa docencia recibida consistentemente satisfactoria, por encima da media da Universidade e da Área.<br>F2-Implicación do estudantado titor na motivación para a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida<br>F3-Atención personalizada e orientación ao estudantado do Centro<br>F13-Bolsas de apoio ao estudo propias do Centro<br>F14-Campaña de difusión propia coa asistencia a feiras , eventos, etc., como complemento as realizadas pola USC con contacto directo cos centros de ensino medio e a través de visitas concertadas á EUTS | D1-Baixo coñecemento da profesión do Traballo Social<br>D2-Inexistencia dun perfil nunha rede social administrado polo centro<br>D4-Baixa participación do estudantado a través das canles establecidas no SGIC<br>D5-Estudantado pouco motivado á docencia presencial<br>D9-Baixo coñecemento do desenvolvemento do SGIC entre os distintos grupos de interese |
| | **ASPECTOS POSITIVOS** | **ASPECTOS NEGATIVOS** |
| | **OPORTUNIDADES** | **AMEAZAS** |
| Condicións externas orientación ao futuro | OP2-Aumento de persoas tituladas en Traballo Social doutoradas<br>OP3-Participación do Centro na posta en marcha dun posgrao interuniversitario dirixido aos graduados/as en traballo social<br>OP4-Axudas dirixidas ao estudantado do centro por unha entidade externa, do terceiro sector de acción social<br>OP6-Demanda, por parte de entidades, de establecemento de convenios de prácticas<br>OP12-Boa imaxe consolidada, que os centros e institucións teñen da EUTS que posibilita unha relación fluída no marco das relacións institucionais | A1-Diminución do estudantado por razóns demográficas<br>A2-A exclusión do estudantado dos centros adscritos do Decreto 164/2024, do 24 de xuño que inclúe a bonificación pola prestación de servizos académicos e administrativos nos estudos universitarios da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional<br>A3-Competitividade da Formación Profesional, na área de coñecemento<br>A4-Baixo coñecemento da profesión nos equipos de orientación dos centros de ensino medio<br>A11-Subida das tarifas eléctricas e outras subministracións |

### 5.2.2.- Análise **CAME** da liña estratéxica 1:

| | **Oportunidades** | **Ameazas** |
|---|---|---|
| **Fortaleza** | Estratéxicas de reforzo:<br>-Difundir os procesos do SGIC e fomentar a participación do estudantado nos órganos colexiados do Centro<br>-Manter a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción | Estratéxicas correctoras:<br>-Reunións, con cada grupo de interese, para a presentación do PEC 24-26 e o desenvolvemento do SGIC<br>-Comunicación directa cos centros de ensino medio para dar a coñecer a titulación e o centro |
| **Debilidades** | Estratéxicas de acción:<br>-Poñer en marcha un perfil nunha rede social administrada polo Centro | Estratéxicas supervivencia:<br>-Xestionar coa Xunta de Galicia a inclusión do estudantado do Centro no Decreto ou nun convenio específico que contemple a bonificación da matrícula do centro (parte pública)<br>-Aumentar a difusión pública das actividades realizadas na EUTS |

## 5.3- Liña estratéxica 2
## A formación, a docencia e a investigación no novo contexto

### 5.3.1.- Análise **DAFO** da liña estratéxica 2:

| | **ASPECTOS POSITIVOS** | **ASPECTOS NEGATIVOS** |
|---|---|---|
| | **FORTALEZAS** | **DEBILIDADES** |
| Condicións internas orientación ao presente | F4- Publicación, por curso académico, de Guías e Manuais específicos de apoio (Guía Académica e Guía para a presentación de traballos académicos)<br>F5-Elevado volume de convenios propios do Centro con Entidades e Institucións para a realización de prácticas externas, e diversidade da oferta en ámbitos públicos, de iniciativa social e privados<br>F6-Implicación e esforzo para responder ás preferencias do estudantado para a realización das prácticas.<br>F7- Seguimento exhaustivo do desenvolvemento do practicum do estudantado a través de supervisións titorizadas e visitas aos centros de prácticas, por parte das titoras académicas<br>F8- Protocolo de seguimento do traballo para o profesorado titor académico de TFG<br>F10-Convenios coa Xunta de Galicia para o uso, con fins docentes, das aplicacións informáticas implantadas no Sistema Galego de Servizos Sociais | D6-Baixo uso dos fondos e recursos bibliotecarios<br>D8-Sen oferta de titulacións posgrao especificamente dirixidas á titulación<br>D10-Pouca proxección á sociedade das actividades realizadas, e do propio centro<br>D11-Non acadar a ratio esixida de estudantado por profesor/a a tempo completo |
| | **ASPECTOS POSITIVOS** | **ASPECTOS NEGATIVOS** |
| | **OPORTUNIDADES** | **AMEAZAS** |
| Condicións externas orientación ao futuro | OP5-Posibilidade de participación do PDI en programas de estancias en universidades estranxeiras<br>OP6-Demanda, por parte de entidades, de establecemento de convenios de prácticas<br>OP8-Xurdimento de novos xacementos de emprego de interese na titulación<br>OP11-Alta demanda de formación posgrao dos/as egresados/as<br>OP12-Boa imaxe consolidada, que posibilita unha relación fluída no marco das relacións institucionais | A9-Incremento das xestións burocráticas externas ao centro.<br>A10-Dificultade para a participación en cursos da USC dirixidos a PDI e PAS |

### 5.3.2.- Análise **CAME** da liña estratéxica 2:

| | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| **Fortalezas** | Estratéxicas de reforzo:<br>-Actualizar anualmente as guías académicas e a guía de presentación de traballos académicos.<br>-Participación do PDI en proxectos de investigación de nivel nacional e/ou internacional de carácter multidisciplinar | Estratéxicas correctoras:<br>-Exportar a sesión formativa sobre a presentación de traballos académicos que se imparte en 1º curso, a todos os cursos do grao |
| **Debilidades** | Estratéxicas de acción:<br>-Activar onedrive, na nube da USC, para reforzar a coordinación entre materias, módulos e cursos<br>-Facilitar ao profesorado a elaboración da súa tese doutoral<br>-Aumentar o número de profesores/as acreditados/as | Estratéxicas supervivencia:<br>-Elaborar un calendario de formación en protección de datos de carácter persoal e en contidos dixitais para todo o persoal do centro |

## 5.4- Liña estratéxica 3
## Os retos na política de persoal

### 5.4.1.- Análise **DAFO** da liña estratéxica 3:

| | ASPECTOS POSITIVOS | ASPECTOS NEGATIVOS |
|---|---|---|
| | **FORTALEZAS** | **DEBILIDADES** |
| Condicións internas orientación ao presente | F1-Taxas de resultados de satisfacción co docencia recibida consistentemente satisfactoria, por encima da media da Universidade e da Área<br>F3- Atención personalizada e orientación ao estudantado do centro<br>F15- O 85% do profesorado ten dedicación completa e o 75% está en posesión do título de doutor/a | D7- Necesidade de aumentar o perfil investigador do profesorado con dedicación exclusiva en canto a participación en grupos de investigación e publicación en revistas e editoriais de impacto<br>D11- Non acadar a ratio esixida de estudantado por profesor/a a tempo completo<br>D13- O 40% do persoal xubílase a curto prazo |
| | **ASPECTOS POSITIVOS** | **ASPECTOS NEGATIVOS** |
| | **OPORTUNIDADES** | **AMEAZAS** |
| Condicións externas orientación ao futuro | OP2- Aumento de persoas tituladas en Traballo Social doutoradas<br>OP5- Posibilidade de participación do PDI en programas de estancias en universidades estranxeiras<br>OP12- Boa imaxe consolidada, que posibilita unha relación fluída no marco das relacións institucionais | A8- Competitividade de titulacións afíns, da área de coñecemento<br>A9- Incremento das xestións burocráticas externas ao centro<br>A10- Dificultade para a participación en cursos da USC dirixidos a PDI e PAS |

### 5.4.2.- Análise **CAME** da liña estratéxica 3:

| | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| **Fortalezas** | Estratéxicas de reforzo:<br>-Incrementar o número de docentes acreditados | Estratéxicas correctoras:<br>-Contratar persoal para dar cumprimento ao establecido no RD 822/2021 |
| **Debilidades** | Estratéxicas de acción:<br>-Facilitar ao profesorado a participación en cursos, congresos etc e a posibilidade de acceder a programas de intercambio | Estratéxicas reactivas:<br>-Elaborar un protocolo cos itinerarios de remuda xeracional dos diferentes colectivos |

## 5.5- Liña estratéxica 4
## A procura de infraestruturas e servizos ecoeficientes

### 5.5.1.- Análise **DAFO** da liña estratéxica 4:

| | ASPECTOS POSITIVOS | ASPECTOS NEGATIVOS |
|---|---|---|
| | **FORTALEZAS** | **DEBILIDADES** |
| Condicións internas orientación ao presente | F16-Continuación do proceso de adaptación de medidas ecoeficientes no centro. | D3-Equipamentos informáticos antigos<br>D6-Baixo uso dos fondos e recursos bibliográficos<br>D12-Elevada cantidade de documentación en papel<br>D14-Limitacións para a accesibilidade, derivadas do carácter dun edificio histórico declarado Ben de Interese Cultural (BIC) |
| | **ASPECTOS POSITIVOS** | **ASPECTOS NEGATIVOS** |
| | **OPORTUNIDADES** | **AMEAZAS** |
| Condicións externas orientación ao futuro | OP13- Plan reitor para o edificio (declarado BIC) | A9- Incremento das xestións burocráticas externas<br>A11-Subida das tarifas eléctricas e outras subministracións |

### 5.5.2.- Análise **CAME** da liña estratéxica 4:

| | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| **Fortalezas** | Estratéxicas de reforzo:<br>-Promover unha cultura ecosostible na comunidade do centro e reducir o consumo de material funxible | Estratéxicas correctoras:<br>-Trasladar documentos de carácter administrativo a soporte informático |
| **Debilidades** | Estratéxicas de acción:<br>-Instalación de sensores de acendido de luces<br>-Substitución do outros elementos que contribúan a unha redución de consumo enerxético | Estratéxicas reactivas:<br>-Reducir o consumo de paquetes de papel e elaboración de pautas para a redución do consumo de funxibles, entre o persoal do centro |

## 5.6- Liña estratéxica 5
## Información pública e visibilidade, actualización das ferramentas dixitais do Centro

### 5.6.1.- Análise **DAFO** da liña estratéxica 5:

| | **ASPECTOS POSITIVOS** | **ASPECTOS NEGATIVOS** |
|---|---|---|
| | **FORTALEZAS** | **DEBILIDADES** |
| Condicións internas orientación ao presente | F4- Publicación, por curso académico, de guías e manuais específicos de apoio (Guía académica e Guía para a presentación de traballos académicos)<br>F9-Web propia do Centro actualizada e con información relevante para o estudantado<br>F14-Campaña de difusión propia coa asistencia a feiras , eventos etc. como complemento ás realizadas pola USC con contacto directo cos centros de ensino medio e a través de visitas concertadas á EUTS | D2-Inexistencia dun perfil nunha rede social, administrado polo centro<br>D3-Equipamentos informáticos antigos<br>D10-Pouca proxección á sociedade das actividades realizadas e do propio centro |
| | **ASPECTOS POSITIVOS** | **ASPECTOS NEGATIVOS** |
| | **OPORTUNIDADES** | **AMEAZAS** |
| Condicións externas orientación ao futuro | OP1-Profesión de referencia no Sistema Público de Servizos Sociais, recoñecida na normativa estatal e autonómica.<br>OP3-Participación do Centro na posta en marcha dun posgrao interuniversitario dirixido aos graduados/as en traballo social<br>OP12-Boa imaxe consolidada que posibilita unha relación fluída no marco das relacións institucionais | A3-Competitividade da Formación Profesional na área de coñecemento<br>A5-Ocasional presenza nos medios de comunicación con estereotipos negativos da profesión<br>A8-Competitividade de titulacións afíns, da área de coñecemento |

### 5.6.2.- Análise **CAME** da liña estratéxica 5:

| | **Oportunidades** | **Ameazas** |
|---|---|---|
| **Fortalezas** | Estratéxicas de reforzo:<br>-Formación do persoal do centro en ferramentas dixitais | Estratéxicas correctoras:<br>-Renovación de equipos informáticos |
| **Debilidades** | Estratéxicas de acción:<br>-Valora a creación dun perfil nunha rede social axeitada, para difundir as actividades do centro | Estratéxicas reactivas:<br>-Actualizar o deseño da páxina web propia |

# 6.- OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

## 6.1.- Introdución aos obxectivos estratéxicos

| LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO | Obxectivos estratéxicos | Período de execución | Accións |
|---|---|---|---|
| **LEC 1. O estudantado e a comunidade do Centro** | OE 1.1. Potenciar a participación do estudantado na dinámica do Centro | novembro 2024 a decembro 2026 | AC 1.1.1. Difundir os procesos do SGIC e fomentar a participación do estudantado nos órganos colexiados do Centro |
| | | | AC 1.1.2. Manter a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción |
| | OE 1.2. Participar e impartir formación de especialización posgrao | novembro 2024 a decembro 2026 | AC 1.2.1. Participar e impartir algún título oficial de posgrao dirixido a graduados/as en traballo social |
| | OE 1.3. Equiparar o dereito de acceso do estudantado da EUTS á bonificación pola prestación de servizos académicos universitarios establecidos no Decreto 164/2024 do 24 de xuño da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nas mesmas condicións que o estudantado do resto das titulacións oficiais do SUG | novembro 2024 a decembro 2026 | AC 1.3.1. Conseguir a ampliación da bonificación pola prestación de servizos académicos universitarios establecido no Decreto 164/2024 do 24 de xuño da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para incluír o 75% dos prezos públicos que corresponde ao Centro, como bonificable |
| **LEC 2. A formación, a docencia e a investigación no novo contexto** | OE 2.1. Mellorar a formación do PDI e PAS | novembro 2024 a decembro 2026 | AC 2.1.1 Actualizar a formación en materia de protección de datos de carácter persoal |
| | | | AC 2.1.2 Participar en cursos de formación o PDI e o PAS |
| | OE 2.2 Reforzar a coordinación entre as materias que se imparten na titulación | febreiro 2025 a decembro 2026 | AC 2.2,1 Reforzar a participación do profesorado na utilización do Onedrive de cada curso para a coordinación de entregas de traballo e probas escritas |
| | | setembro 2025 a decembro 2026 | AC 2.2.2 Activar un Onedrive para compartir as guías docentes das materias, por módulos |
| | OE 2.3 Incrementar a participación en investigación | novembro 2024 a decembro 2026 | AC 2.3.1 Participar en proxectos de investigación de nivel nacional e/ou internacional de carácter multidisciplinar |
| | | | AC 2.3.2 Difundir, na páxina web do centro, a labor investigadora do profesorado |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **LEC 3 Os retos da política de persoal** | OE 3.1 Elaborar un protocolo cos itinerarios de remuda xeracional dos diferentes colectivos, por mor de xubilacións | xaneiro 2025 a decembro 2026 | AC 3.1.1 Deseño do protocolo de remuda para as distintas figuras profesionais |
| | OE 3.2 Acadar os valores establecidos no Real Decreto 822/2021 de 28 de setembro | xaneiro 2025 a decembro 2026 | AC 3.2.1 Contratación de persoal necesario |
| **LEC 4 A procura de infraestruturas e servizos ecoeficientes** | OE 4.1 Reducir o consumo de material funxible | xaneiro 2025 a decembro 2026 | AC 4.1.1 Traslado de documentos de carácter administrativo a soporte informático |
| | | | AC 4.1.2 Rexistro informático dos préstamos bibliotecarios en sala |
| | | | AC 4.1.3 Redución do consumo de paquetes de papel e difusión de pautas para redución de funxibles entre o persoal do Centro |
| | OE 4.2 Reducir o consumo eléctrico e de auga | xaneiro 2024 a decembro 2026 | AC 4.2.1 Instalación de sensores de acendido das luces |
| | | | AC 4.2.2 Substitución de acumuladores nocturnos por equipamentos eléctricos de dobre uso |
| | | | AC 4.2.3 Substitución de cortinas das aulas por estores que contribúan ao illamento térmico |
| | | | AC 4.2.4 Substitución de tubos fluorescentes led de baixo consumo |
| **LEC 5 Información pública e visibilidade, actualización das ferramentas dixitais do Centro** | OE 5.1 Actualizar as canles de información pública | xaneiro 2025 a decembro 2026 | AC 5.1.1 Actualización do deseño da páxina web do centro |
| | | | AC 5.1.2 Valorar a creación dun perfil nunha rede social axeitada para difundir as actividades do centro |
| | OE 5.2 Actualizar equipamentos informáticos do Centro | outubro 2024 a decembro 2026 | AC 5.2.1 Renovación de equipamentos informáticos do centro |
| | | | AC 5.2.2 Formación do persoal do Centro, en ferramentas dixitais |

## 6.2.- Liña estratéxica 1

### 6.2.1.- Obxectivo estratéxico 1.1:

| **LEC 1: O estudantado e a comunidade do Centro** | |
|---|---|
| **OE 1.1: Potenciar a participación do estudantado na dinámica do Centro** | |
| Xustificación do obxectivo estratéxico:<br>Vense detectando unha baixa no interese do estudantado nos procesos colectivos do centro | |
| Responsable do seguimento:<br>Directora do Centro | Inicio: novembro 2024<br>Fin: decembro 2026 |
| AC 1.1.1: Difundir os procesos do SGIC e fomentar a participación do estudantado nos órganos colexiados do Centro | |
| Responsable de execución:<br>Responsable de Calidade de Centro | Período de execución:<br>Novembro 2024-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Actas Comisión de Título | Indicador: Divulgación da información<br>Meta: divulgación en, a lo menos, dous canles do Centro |
| AC 1.1.2: Manter a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción | |
| Responsable de execución:<br>Coordinadora de Título | Período de execución:<br>Novembro 2024-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Memoria da FSACS / Memoria Calidade | Indicador: enquisas satisfacción<br>Meta: participación do 50% do estudantado |

### 6.2.2.- Obxectivo estratéxico 1.2:

| **LEC 1: O estudantado e a comunidade do Centro** | |
|---|---|
| **OE 1.2: Participar e impartir formación de especialización posgrao** | |
| Xustificación do obxectivo estratéxico:<br>No contexto, tanto estatal como autonómico existe unha clara e urxente demanda de formación oficial especializada fundamentalmente dirixida aos novos perfís profesionais relacionados coa intervención social | |
| Responsable do seguimento:<br>Directora do Centro | Inicio: novembro 2024<br>Fin: decembro 2026 |
| AC 1.2.1: Participar e impartir algún título oficial de posgrao dirixido a graduados/as en traballo social | |
| Responsable de execución:<br>Directora do Centro | Período de execución:<br>Novembro 2024-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Memoria do Título de Posgrao | Indicador: Oferta do Título oficial de posgrao<br>Meta: Participar e impartir, a lo menos, 1 título oficial de posgrao |

## 6.2.3.- Obxectivo estratéxico 1.3:

<table>
<tr><th colspan="2">LEC 1: O estudantado e a comunidade do Centro</th></tr>
<tr><td colspan="2">OE 1.3: Equiparar o dereito de acceso do estudantado da EUTS á bonificación pola prestación de servizos académicos universitarios establecido no Decreto 164/2024 de 24 de xuño da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nas mesmas condicións que o estudantado do resto das titulacións oficiais do SUG</td></tr>
<tr><td colspan="2">Xustificación do obxectivo estratéxico:<br>O Grao en Traballo Social impartido na EUTS é unha titulación oficial do SUG.<br>O estudantado do Centro abona na USC o 25% dos prezos públicos establecidos anualmente pola Consellería con competencias, e o 75% restante lle corresponde á EUTS. O estudantado accede á bonificación establecida no Decreto 164/2024 de 24 de xuño só no 25% que corresponde á USC quedando exento de dita bonificación o 75% correspondente ao Centro polo que produce unha discriminación do estudantado desta titulación oficial en relación ao resto de estudantes das titulacións oficiais do SUG.<br>Outras medidas públicas de apoio ao estudo como son as becas do MEC, entre outras, estenden a gratuidade que confire a súa consecución, ao 75% dos prezos públicos que corresponden ao Centro.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Responsable do seguimento:<br>Directora do Centro</td><td>Inicio: novembro 2024</td></tr>
<tr><td>Fin: decembro 2026</td></tr>
<tr><td colspan="2">AC 1.3.1: Conseguir a ampliación da bonificación pola prestación de servizos académicos universitarios establecido no Decreto 164/2024 de 24 de xuño da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para incluír o 75% dos prezos públicos que corresponde ao Centro como bonificable</td></tr>
<tr><td>Responsable de execución:<br>Directora do Centro</td><td>Período de execución:<br>Novembro 2024-decembro 2026</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Evidencia documental:<br>Inclusión no Decreto ou sinatura de Convenio específico</td><td>Indicador: Bonificación do 100% dos prezos públicos</td></tr>
<tr><td>Meta: Asinar Convenio específico ou inclusión no Decreto anual</td></tr>
</table>

## 6.3.- Liña estratéxica 2

### 6.3.1.- Obxectivo estratéxico 2.1:

<table>
<tr><th colspan="2">LEC 2: A formación, a docencia e a investigación no novo contexto</th></tr>
<tr><th colspan="2">OE 2.1: Mellorar a formación do PDI e PAS</th></tr>
<tr><td colspan="2">Xustificación do obxectivo estratéxico:<br>Para a mellora da formación do profesorado e persoal do centro, faise preciso a formación continuada, abordando dúas competencias transversais fundamentais: facer un tratamento responsable dos datos de carácter persoal que o profesorado e persoal manexa, e por outra parte, reforzar as competencias en destrezas dixitais</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Responsable do seguimento:<br>Directora do Centro</td><td>Inicio: novembro 2024</td></tr>
<tr><td>Fin: decembro 2026</td></tr>
<tr><td colspan="2">AC 2.1.1: Actualizar a formación en materia de protección de datos de carácter persoal</td></tr>
<tr><td>Responsable de execución:<br>Xerente da FSACS</td><td>Período de execución:<br>Decembro 2024</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Evidencia documental:<br>Informe de Xerencia / Actas da Comisión de Título</td><td>Indicadores: nº de accións formativas<br>Nº participantes</td></tr>
<tr><td>Meta: O 100% do persoal realice, a lo menos 1 actividade formativa no período</td></tr>
<tr><td colspan="2">AC 2.1.2: Participar en cursos de formación PDI e PAS</td></tr>
<tr><td>Responsable de execución:<br>Directora do Centro</td><td>Período de execución:<br>Novembro 2024-decembro 2026</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Evidencia documental:<br>Memoria da FSACS</td><td>Indicadores:<br>nº participantes<br>Nº cursos nos que participan</td></tr>
<tr><td>Meta: 25% do PDI e PAS realice, a lo menos 1 curso</td></tr>
</table>

6.3.2.- Obxectivo estratéxico 2.2:

| LEC 2: A formación, a docencia e a investigación no novo contexto | |
|---|---|
| **OE 2.2: Reforzar a coordinación entre as materias que se imparten na titulación** | |
| Xustificación do obxectivo estratéxico:<br>Os plans de estudo están deseñados tendo en conta a secuencia cronolóxica dos contidos que se imparten nas diferentes materias por cursos, pero aínda así faise necesaria unha coordinación continua para garantir, na medida do posible, a coherencia no desenvolvemento progresivo dos temarios, así como da realización de traballos que impliquen mais esforzo en tempo, ou de probas escritas co fin de facilitar as aprendizaxes. | |
| Responsable do seguimento:<br>Comisión de Título | Inicio: novembro 2024<br>Fin: decembro 2026 |
| AC 2.2.1: Reforzar a participación do profesorado na utilización do Onedrive de cada curso, para a coordinación de entregas de traballos e probas escritas | |
| Responsable de execución:<br>Coordinadora de Título | Período de execución:<br>febreiro 2025 – decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Actas da Comisión de Título | Indicadores: nº Onedrive creados<br>Porcentaxe de profesorado que cumprimenta o Onedrive por curso |
| | Meta: 80% do profesorado por curso |
| AC 2.2.2: Activar un onedrive para compartir acceso ás guías docentes das materias por Módulos | |
| Responsable de execución:<br>Coordinadora de Título | Período de execución:<br>setembro 2025-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Actas da Comisión de Título | Indicadores: nº participantes |
| | Meta: 80% profesorado por curso |

### 6.3.3.- Obxectivo estratéxico 2.3:

| **LEC 2: A formación, a docencia e a investigación no novo contexto** | |
|---|---|
| **OE 2.3: Incrementar a participación en investigación do PDI** | |
| Xustificación do obxectivo estratéxico<br>Propiciar e fomentar a investigación ten que acompañar sempre o labor académico. A formulación deste obxectivo cobra relevancia no contexto actual, marcado polos acontecementos dos últimos anos: crisis económicas, o impacto da COVID 19, desastres naturais, entre outros. Velaí que se faga preciso enfocar a investigación desde esta perspectiva de novos escenarios dos temas sociais de interese | |
| Responsable do seguimento:<br>Xunta de Centro | Inicio: novembro 2024<br>Fin: decembro 2026 |
| AC 2.3.1: Participar en proxectos de investigación de nivel nacional e/ou internacional de carácter multidisciplinar | |
| Responsable de execución:<br>Comisión de Calidade de Centro | Período de execución:<br>novembro 2024 – decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Memoria da FSACS | Indicadores:<br>nº de proxectos nos que participa PDI do centro<br>nº de PDI que participa en cada proxecto |
| | Meta: 1 proxecto no período, con participación de a lo menos 1 persoa |
| AC 2.3.2: Difundir, na páxina web do centro, a labor investigadora do profesorado | |
| Responsable de execución:<br>Responsable de Calidade | Período de execución:<br>novembro 2024 – decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Memoria da FSACS | Indicadores: porcentaxe de participacións difundidas na web |
| | Meta: 100% |

## 6.4.- Liña estratéxica 3

### 6.4.1.- Obxectivo estratéxico 3.1:

| **LEC 3: Os retos na política de persoal** | |
|---|---|
| **OE 3.1: Elaborar un protocolo cos itinerarios de remuda xeracional dos diferentes colectivos, por mor de xubilacións.** | |
| Xustificación do obxectivo estratéxico:<br>A curto prazo, unha parte do PDI e PAS, alcanzará a idade de xubilación polo que é necesario prever o proceso de cara a súa substitución | |
| Responsable do seguimento:<br>Directora do Centro | Inicio: xaneiro 2025<br>Fin: decembro 2026 |
| AC 3.1.1: Deseño do protocolo de remuda para as distintas figuras profesionais | |
| Responsable de execución:<br>Xerente da FSACS | Período de execución:<br>Xaneiro 2025-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Protocolo aprobado | Indicadores: nº de protocolos<br>Meta: Elaborar 1 protocolo para remuda do PDI e 1 protocolo para remuda PAS |

### 6.4.2.- Obxectivo estratéxico 3.2:

| **LEC 3: Os retos na política de persoal** | |
|---|---|
| **OE 3.2: Acadar os valores establecidos no Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro** | |
| Xustificación do obxectivo estratéxico:<br>A ratio estudantado/profesorado a tempo completo, non alcanza os valores da normativa que entrou en vigor en setembro de 2021 e que fixa un período de cinco anos para adaptarse | |
| Responsable do seguimento:<br>Directora do Centro | Inicio: xaneiro 2025<br>Fin: decembro 2026 |
| AC 3.2.1: Contratación de persoal necesario | |
| Responsable de execución:<br>Xerente da FSACS | Período de execución:<br>Xaneiro 2025-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Contratos<br>Memoria da FSACS | Indicadores: ratio profesorado/estudantado<br>Meta: 25 estudantes por profesor/a a tempo completo |

## 6.5.- Liña estratéxica 4

### 6.5.1.- Obxectivo estratéxico 4.1:

<table>
<tr><th colspan="2">LEC 4: A procura de infraestruturas e servizos ecoeficientes</th></tr>
<tr><th colspan="2">OE 4.1: Reducir o consumo de material funxible</th></tr>
<tr><td colspan="2">Xustificación do obxectivo estratéxico:<br>Redución do papel e outros consumibles de oficina. O centro súmase á política da Universidade nesta aposta polas boas prácticas na implantación de medidas ecoeficientes.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Responsable do seguimento:<br>Xerente da FSACS</td><td>Inicio: xaneiro 2025</td></tr>
<tr><td>Fin: decembro 2026</td></tr>
<tr><td colspan="2">AC 4.1.1: Traslado de documentos de carácter administrativo a soporte informático</td></tr>
<tr><td>Responsable de execución:<br>Xefatura negociado</td><td>Período de execución:<br>Xaneiro 2025-decembro 2026</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Evidencia documental:<br>Páxina web do centro<br>Rexistro<br>Memoria da FSACS</td><td>Indicadores:<br>nº de documentos convertidos a soporte informático</td></tr>
<tr><td>Meta: 90% dos documentos dixitalizados</td></tr>
<tr><td colspan="2">AC 4.1.2: Rexistro informático dos préstamos bibliotecarios en sala</td></tr>
<tr><td>Responsable de execución:<br>Xefatura Biblioteca</td><td>Período de execución:<br>Xaneiro 2025-decembro 2026</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Evidencia documental:<br>Rexistro<br>Memoria da FSACS</td><td>Indicadores: Posta en marcha do rexistro</td></tr>
<tr><td>Meta: creación do rexistro</td></tr>
<tr><td colspan="2">AC 4.1.3: Redución do consumo de paquetes de papel e elaboración e difusión de pautas para a redución de consumo de funxibles, entre o persoal do Centro</td></tr>
<tr><td>Responsable de execución:<br>Xerente da FSACS</td><td>Período de execución:<br>Xaneiro 2025-decembro 2026</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Evidencia documental:<br>Informe xerencia FSACS</td><td>Indicadores:<br>nº de paquetes de folios consumidos<br>Material solicitado</td></tr>
<tr><td>Meta: redución dun 5% no período</td></tr>
</table>

## 6.5.2.- Obxectivo estratéxico 4.2:

| **LEC 4: A procura de infraestruturas e servizos ecoeficientes** | |
|---|---|
| **OE 4.2: Reducir o consumo eléctrico e de auga** | |
| Xustificación do obxectivo estratéxico:<br>Optimizar o consumo eléctrico e de auga, e un compromiso asumido pola entidade coa finalidade de fomentar as medidas ecoeficientes | |
| Responsable do seguimento:<br>Directora do Centro | Inicio: xaneiro 2025<br>Fin: decembro 2026 |
| AC 4.2.1: Instalación de sensores de acendido das luces | |
| Responsable de execución:<br>Xerente da FSACS | Período de execución:<br>Xaneiro 2024-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Informe Xerente FSACS | Indicadores: nº sensores instalados no centro<br>Meta: substitución do 75% dos puntos de luz convencionais |
| AC 4.2.2: Substitución de acumuladores nocturnos por equipamentos eléctricos de dobre uso; aire quente e aire frío | |
| Responsable de execución:<br>Xerente da FSACS | Período de execución:<br>Xaneiro 2024-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Informe Xerente FSACS | Indicadores:<br>nº acumuladores substituídos<br>nº de equipamentos de dobre uso instalados<br>Meta: instalación de, a lo menos, 1 equipamento de dobre uso |
| AC 4.2.3: Substitución de cortinas das aulas por estores que contribúen ao illamento térmico | |
| Responsable de execución:<br>Xerente da FSACS | Período de execución:<br>Xaneiro 2024-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Informe Xerente FSACS | Indicadores: nº ventás nas que se substitúen<br>Meta: 50% das ventás substituídas |
| AC 4.2.4: Substitución de tubos fluorescentes por iluminación led de baixo consumo | |
| Responsable de execución:<br>Xerente da FSACS | Período de execución:<br>Xaneiro 2025-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Informe Xerente FSACS | Indicadores:<br>nº puntos de luz nos que se realizou o cambio<br>Meta: 100% de substitucións |

## 6.6.- Liña estratéxica 5

### 6.6.1.- Obxectivo estratéxico 5.1:

| LEC 5: Información pública e visibilidade, actualización das ferramentas dixitais do centro | |
|---|---|
| **OE 5.1: Actualizar as canles de información pública** | |
| Xustificación do obxectivo estratéxico:<br>Para mellorar a información pública e para aumentar a visibilidade do centro e da titulación, faise preciso actualizar as canles de información pública, e adaptala aos canles máis eficaces e eficientes de difusión, cara aos grupos de interese | |
| Responsable do seguimento:<br>Directora do Centro | Inicio: outubro 2024<br>Fin: decembro 2026 |
| Acción 5.1.1: Actualización do deseño da páxina web do centro | |
| Responsable de execución:<br>Xerente da FSACS | Período de execución:<br>Xaneiro 2025-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Páxina web do centro | Indicador: Deseño actualizado da web do centro<br>Meta: SI / NO |
| Acción 5.1.2: Valorar a creación de perfil nunha rede social axeitada para difundir as actividades do centro | |
| Responsable de execución:<br>Comisión de Calidade de Centro | Período de execución:<br>Xaneiro 2025-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Actas da Comisión de Calidade do Centro | Indicadores: Redes valoradas<br>Meta: selección da rede máis axeitada |

### 6.6.2.- Obxectivo estratéxico 5.2:

| LEC 5: Información pública e visibilidade, actualización das ferramentas dixitais do centro | |
|---|---|
| **OE 5.2: Actualizar equipamentos informáticos do Centro** | |
| Xustificación do obxectivo estratéxico:<br>As ferramentas dixitais son esenciais no desenvolvemento da actividade académica; a súa actualización contribúe eficazmente á mellora do ensino e da aprendizaxe | |
| Responsable do seguimento:<br>Directora do Centro | Inicio: outubro 2024<br>Fin: decembro 2026 |
| AC 5.2.1: Renovación de equipamentos informáticos do centro | |
| Responsable de execución:<br>Xerente da FSACS | Período de execución:<br>outubro 2024-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Informe Xerente FSACS | Indicadores: nº equipos renovados<br>Meta: renovar ao menos 3 equipos por ano no período |
| AC 5.2.2: Formación do persoal do centro en ferramentas dixitais | |
| Responsable de execución: Xerente da FSACS | Período de execución:<br>outubro 2024-decembro 2026 |
| Evidencia documental:<br>Memoria da FSACS | Indicadores: nº de actividades realizadas<br>Meta: que o 15% do persoal teña asistido a algún curso |

# 7.-DESENVOLVEMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DO CENTRO

## 7.1.- Comisión responsable da elaboración do plan estratéxico do centro

O grupo de traballo que elaborou a proposta do Plan Estratéxico do Centro está constituído por todas as persoas que, representando aos distintos grupos da comunidade educativa, forman parte da Comisión de Calidade do Centro:

- Teresa Facal Fondo /Directora do Centro e presidenta da CCC
- María Jesús Castro Neo/Responsable de Calidade do Centro e secretaria da CCC
- Ana Isabel Souto Gómez/Coordinadora de Título
- Mª Elena Puñal Romarís /Coordinadora de practicum
- Xoán Carlos Bascuas Jardón /Coordinador de programas de mobilidade internacional
- Mª Dolores Bao Varela/Xefa de Sección
- Rut Sanjuán Dorrio /Alumna titora (ata o 4 de decembro de 2024)
- Ignacio Pereiro Salgueiro /Alumno titor (desde o 4 de decembro de 2024)

Derivado do proceso de elección de representantes do estudantado na Xunta de centro, coa proclamación definitiva das persoas electas o 4 de decembro; así como a remuda de estudantado titor, producíronse cambios na composición de órganos colexiados do centro que foron aprobados en Xunta de Centro. Xa avanzado o proceso de elaboración da proposta do PEC, a alumna titora que ata ese momento representaba ao estudantado causou baixa na CCC e incorporouse outro compañeiro.

## 7.2.- Participación dos grupos de interese na elaboración do plan estratéxico do centro

A elaboración da proposta do PEC foi responsabilidade da Comisión de Calidade do Centro, pola composición deste órgano están representadas nela os distintos grupos de interese do centro. Así vemos como hai persoas da dirección do centro, representantes do profesorado, representante do persoal administrativo, e como representante do estudantado un/ha alumno/a titor/a.

.-*Descrición do proceso de elaboración*

A Escola Universitaria de Traballo Social polo seu carácter adscrito, non está dentro de todos os procesos e formas de comunicación interna establecidos para os centros propios da USC. Isto puido ter sido a causa pola que non chegaron á EUTS información, documentos de referencia, e indicación de prazos para elaborar o PEC. Só se tiña referencia informal en canto a ter que elaborar o PEC antes do remate de 2024.

A CCC mantivo oito reunións de traballo desde o 10 de outubro ata o 16 de decembro que se aproba a proposta do PEC.

O profesorado que é membro da CCC e que por coincidir o horario da reunión co horario de clase, non podía asistir en outros horarios, traballou os apartados programados e fixo chegar á CCC as súas aportacións. Isto sucedeu en tres das oito reunións realizadas.

A todo o persoal do centro se lle enviaron tres correos electrónicos en distintos momentos do proceso, remitindo tamén borrador do documento co avanzado ata ese momento, e tamén os documentos de apoio. Nesas comunicacións se pedían suxestións, e permitiu que todo o persoal do centro fose coñecedor do avance progresivo do PEC. Recibíronse catro respostas a través do correo electrónico por parte de tres persoas, que manifestaron o apoio aos traballos da CCC.

Previa á incorporación do novo representante do estudantado, a Responsable de Calidade e Secretaria da CCC remitiulle por correo electrónico os documentos de apoio para o seu coñecemento de cara a súa participación nas reunións da CCC.

*.-<u>Accións, reunións, documentos e ferramentas de traballo</u>*

A CCC iniciou os traballos de elaboración do PEC o 10 de outubro cunha reunión na que se planificaron os encontros e se estableceu a documentación de partida. Nese momento só se tiña como documento de referencia o PE da USC de acceso libre na súa propia web, ademais dos documentos de calidade propios da EUTS. Acordouse tamén que, cando por ocupacións docentes ou de traballo non se puidese asistir ás reunións convocadas, se aportase por escrito á CCC o contido traballado individualmente ou en equipo.

A RCC púxose en contacto coa Area de calidade da USC enviando, o 18 de outubro, correo electrónico para consultar se para elaborar o PEC había documentos de apoio máis alá do publicados na web da USC, e de ser o caso, fosen remitidos á EUTS. Nese momento foron aportados os documentos *Guía para a elaboración do PEC,* e un modelo do *Cadro de seguimento,* ambos moi relevantes para o traballo da comisión redactora e para orientar tanto a estrutura do documento como o contido a elaborar.

Con posterioridade, o 4 de decembro, recibiuse novo correo desde a Área de Calidade no que aportan documentos de apoio dos que xa se dispoñía, como a *Guía de Apoio, o PE 2024-2026 da USC, cadro de mando*, e un documento novo de *Indicadores complementario á Guía*.

Os documentos que se utilizaron para a elaboración do PEC foron os seguintes:

- Plan Estratéxico do Centro 2018-2020.
- Plan Estratéxico da USC 2024-2026.
- Guía para a elaboración do PEC 2024-2026.
- Cadro de Mando para o seguimento da PEC 2024-2026.
- Indicadores para a elaboración do PEC.
- Informe final de renovación da acreditación do título 2023.
- Autoinformes de seguimento do período 2016 – 2023.
- Memorias de Calidade do período 2016 – 2023.
- Informe anual de coordinación de curso.
- Memorias da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales.

A metodoloxía de traballo seguida foi establecer unha ou dúas reunións semanais segundo a posibilidade de coincidencia horaria. Quen non puidese asistir fixo chegar as súas achegas por correo electrónico, ben traballadas individualmente ou xunto con outra/as persoa/s que tampouco puidese asistir. Habilitouse un *Onedrive* para facilitar a coordinación e traballo conxunto.

As reunións de traballo iniciáronse revisando o realizado na reunión anterior, e abordando os puntos dos apartados que se estableceran na orde do día.

A representante do persoal administrativo na CCC foi a persoa que incorporou o contido traballado en cada reunión no modelo oficial do PEC e o remitía por correo electrónico ás persoas membros da CCC antes da seguinte reunión. Ao longo do proceso de elaboración da proposta, enviouse en tres momentos distintos borrador a todo o persoal do centro para que achegase suxestións. O alumnado titor, como representante do estudantado, é a quen corresponde a difusión da elaboración do PEC aos seus compañeiros e compañeiras a través dos grupos que teñen establecidos en redes sociais.

*.-Participación da comunidade universitaria e /ou axentes externos*

Toda a comunidade universitaria do centro participou no proceso a través dos seus representantes na CCC. O envío de borradores do PEC aos grupos de interese internos permitiu que estes achegasen suxestións ao mesmo.

Non dispor da documentación necesaria para o inicio do traballo do PEC do centro ata o mes de outubro fixo que o prazo para abordar dita elaboración se reducira a 2 meses (de outubro a decembro). Esta situación condicionou o poder realizar a consulta aos grupos de interese externos ao centro, tal e como era a intención da CCC.

*.-Accións de difusión realizadas ou a realizar do PEC provisional e unha vez aprobado o plan*

Rematada a elaboración da proposta provisional, exponse publicamente na web propia do centro para a súa difusión entre os grupos de interese e recibir suxestións, de ser o caso.

Unha vez aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC, o Equipo Directivo do Centro difundirá o PEC 2024-2026 a través das seguintes accións:

- Publicar, no apartado do SGIC na web propia o texto íntegro do PEC 24-26.
- Dar conta do PEC 24-26 ao Comité Consultivo do Centro.
- Enviar correo electrónico á comunidade universitaria do centro co enlace ao PEC da web.
- Xornada aberta de presentación do PEC 24-26 dirixida a todos os grupos de interese.